

A historia negra do “Prestige”

CRONOLOXÍA

13 de novembro

Hai un forte temporal en Galicia con ventos de ata 90 km/h e ondas de 6 metros. Ás 15,15 da tarde o petroleiro “Prestige” cargado con 77.000 toneladas de fuel, sofre un golpe de mar e ábreselle unha fenda pola que perde arredor de 6.000 tn de fuel.



14 de novembro

Pola mañán o Prestige está a só 4 millas de Muxía rodeado dunha mancha de fuel de nove quilómetros.

16 de novembro

A marea negra chega a terra e contamina 190 km de costa entre Fisterra e Mera. Prohíbense a pesca e o marisqueo nesas zonas.

17 de novembro

Rompe o terceiro tanque do “Prestige” que se atopa a 60 millas da costa sen avanzar. Nas praias comezan lentamente as tarefas de limpeza.

18 de novembro

O “Prestige” baixa ata a altura de Marín e segue perdendo fuel. A mancha chega a Porto do Son e ameaza a Ría de Arousa. Ampliase a prohibición de pescar ata Cabo Priorio.



19 de novembro

Despois de ser remolcado con distintos rumbos e ter percorrido 243 millas (437 km) o “Prestige” parte polo medio e afunde a 260 km das Illas Cíes. Perde unhas 11.000 tn de fuel xerando unha nova mancha que comeza a viaxar cara a terra empurrada polos ventos. Dentro das súas adegas quedan aínda 66.000 tn.



20 de novembro

Están afectados 300 km de costa pola marea negra. As Confrarías da provincia de Pontevedra crean unha Comisión de Urgencia.

22 de novembro

Unha mancha de 6.000 tn de fuel avanza cara ás costas de Corcubión, Fisterra e Illas Sisargas. Outra mancha de 6.000 tn está situada no lugar do naufraxio. Esténdense as protestas pola desorganización e a falta de medios.



O Roncudo

23 de novembro

A marea negra afecta a 400 km de costa, a 6.000 mariñeiros e 800 mariscadores. Uns 2.500 barcos permanecen inactivos. Algunhas manchas afectan á zona de Ferrol e superan o Cabo Ortegal. Os buques Rijndelta (holandés) e Ailette (francés) comezan a extracción de fuel.

25 de novembro

A marea negra afecta a 600 km de litoral e volve entrar en Muxía. Chegan as primeiras manchas a Asturias. Ampliase a prohibición de pescar ata Cedeira.

26 de novembro

O fuel contamina os fondos mariños, aparecen nasas manchadas con fuel en Porto do Son e Malpica. O verquido chega a Corrubedo.

28 de novembro

Os verquidos de fuel acadan as 20.000 tn e afectan aos fondos do Cantábrico. A gran mancha achégase á costa (está só a 35 km).

29 de novembro

Saen novas bolsas de fuel da proa afundida do “Prestige”. O temporal destroza máis de 3.500 m de barreiras e dificulta a extracción do fuel do mar. Incorporáanse novos buques anticontaminación. A mancha está a 7 km de Fisterra e 20 da Ría de Muros e Noia.

30 de novembro

As manchas de fuel (11.000 tn) achéganse á costa e sitúanse a 1 milla de Fisterra. Galicia está en alerta máxima.



1 de decembro

As xentes do mar de toda a costa prepáranse para facerlle fronte por todos os medios posibles á inminente chegada dunha gran mancha de fuel. En Santiago de Compostela celébrase unha gran manifestación convocada pola plataforma cidadá “NUNCA MÁIS”.

2 de decembro

Muxía, Nemiña, Fisterra, Camariñas, Camelle, Santa Mariña, Corrubedo, Valdoviño... zonas que xa se limparan, volven estar cheas de fuel. Chega fuel a Sálvora e as primeiras “galletas” a Aguiño, na boca da Ría de Arousa. O “Nautila” mergúllase na zona do afundimento do “Prestige” para comprobar se hai escapes de fuel.

3 de decembro

A gran mancha de fuel ameaza as Rías Baixas, afecta á illa de Ons e está moi perto das Cíes e de Baiona. Outras manchas entran na Coruña, Ares e Ferrol e achéganse a Asturias. Os mariñeiros de Arousa saen a loitar contra o fuel coas súas propias mans.



O Grove

4 de decembro

O fuel está nas Rías Baixas, están afectadas as Illas Cíes, Ons e Sálvora. Os mariñeiros despregan todo tipo de medios para facerlle fronte. Máis de 7.000 persoas participan na prevención da entrada de fuel nas Rías Baixas. Oitocentos barcos, e o cambio dos ventos conseguen evitar que o fuel entre nas Rías.

5 de decembro

O fuel afecta a toda a costa galega desde Baiona ata Ortigueira. O batiscafo “Nautila” localiza varias fugas no casco do “Prestige”

6 de decembro

O fuel arrasa Cíes, Ons e Sálvora. Miles de voluntarios chegados de todas partes (máis de 20.000 persoas) traballan na recollida de fuel xunto cos mariñeiros e mariscadores.

7 de decembro

O fuel chega ás costas de Euskadi e a gran mancha sitúase fronte ás costas portuguesas.

9 de decembro

Co cambio de tempo as manchas de fuel achéganse á costa. O exército español, por fin! chega a axudar.

12 de decembro

Entran pequenas manchas nas rías de Vigo e Pontevedra.

15 de decembro

Os mariñeiros impiden a entrada de fuel en Vigo, no medio dun forte temporal.

18 de decembro

A gran fronte de manchas sitúase entre o cabo Touriñán e a Illa de Ons.

19 de decembro

Entra unha nova marea negra na Costa da Morte que afecta de forma especial á zona entre Malpica e Muros.

23 de decembro.

O fuel ameaza a costa cantábrica galega e achégase a Francia.

28 de decembro

As manchas de fuel espállanse polo Atlántico e polo Cantábrico. Aparecen novas fendas no Prestige.

31 de decembro

A gran mancha entra en augas francesas.

2 de xaneiro de 2003

Chegan “galletas” de fuel ás praias francesas e a gran mancha séguese aproximando.

4 de xaneiro

Chegan á Costa a Morte novas manchas de fuel. Aumenta de forma considerable o número de aves afectadas que chegan ás praias.

6 de xaneiro

Francia ten 200 km de costa afectada e ordena o peche dos complexos ostrícolas.

7, 8 de xaneiro

Segue a avalancha de fuel na Costa da Morte e nas praias de Francia.

9 de xaneiro

Numerosos puntos situados entre as Rías de Muros e Ferrol reciben novos verquidos procedentes do Prestige.



Ola



Ons

10 de xaneiro.

O chapapote chega de novo ás costas de Lugo. A mancha que ameazaba Francia volve dirixirse ás costas españolas.

11 de xaneiro

O fuel chega á ría de Cariño e Euskadi recibe a segunda marea negra.

15-20 de xaneiro

Na Costa da Morte os barcos seguen recollendo fuel mentras a gran mancha dirixese a Francia. Entran pequenas cantidades de fuel en Fisterra, Camariñas, Carnota e Muros.

22 de xaneiro

Chegan novas manchas de fuel á Costa da Morte e pequenas cantidades á Lanzada e varias praias de Bueu e Marín.

Miles de estudantes e profesores de toda Galicia forman cadeas humanas pola costa galega.



23 de xaneiro

A costa galega, desde Carnota ao Ferrol recibe unha nova ondada de fuel. A gran mancha situada no Cantábrico achégase a Francia.

Catro meses despois, cando se remata esta exposición, a cousa segue...

